



CATÁLOGO DE FURNAS DO LITORAL PONTEVEDRÉS

Os espeleólogos J. Higinio Díz e Ríos Basadre traballaron durante máis de tres anos neste inventario de grutas mariñas

(Desde a páxina 4)

Tamén neste número

DOCUMENTACIÓN

- Historial dos 25 anos do GES Alpino Manzaneda

(Páx. 23)

TESTEMUÑA

- A Operación Averna, un fito na espeleoloxía Galega (Páxs. centrais)
- Catro ártabros en Cuba: exploracións e histoplasmosis (Páx. 30)

INVESTIGACIÓN

- Estudio sobre un arácnido da Cueva del Agua na Habana (Páx. 32)

FURADA

Revista dos espeleólogos galegos
Periocicidade anual. Número 10

Director:
Enrique de Arce Temes

Secretario:
Manuel Díaz Prieto

Redacción e colaboradores:
A. Castiñeiras
Serafín Barca
Manuel Díaz Prieto
José Higinio Díz Dios
Purificación Díz Dios
GES Ártabros
Oilenyn Navarro Díaz
Raúl Ríos Basadre

Depósito Legal:
C - 161 - 88

Nihil Obstat:
Comisión Delegada da FGE (2001)

Edita:
Federación Galega de Espeleología (FGE)
Presidente: Juan Manuel Prego Mateo
Apartado 448 - 15080 A CORUÑA (ESPAÑA)
Teléfono y Fax: (981) 29 10 87

Imprime:
Edym Grafismo, S.L.

Prégase intercambio. Se ruega intercambio. On prie l'exchange. Wir bitten um Austausch. We ask for exchange.

FURADA es una publicación abierta a todos los espeleólogos y a las personas que trabajan en los campos de las ciencias relacionadas con la Espeleología. La Redacción respeta la libre expresión de los colaboradores en sus opiniones y la libertad de elección del idioma. Las ideas que exponen son personales de cada autor.

FURADA é unha publicación aberta a todos os espeleólogos e aquelas persoas que desenvolven actividades relacionadas coa Espeleología como ciencia ou como deporte. A Redacción respeta a libre expresión dos comentaristas tanto nas súas opiniñas como na elección da lingua. As ideas que se expoñen son personais de cada autor.

SUMARIO

	Págs.
Catálogo de furnas.....	4 a 22
	35 a 49
GES Alpino Manzaneda.....	23 a 27
Operación Averna.....	28 y 29
Ártabros en Cuba.....	30 a 34
La Loxosceles Cubana.....	32 a 34
Memoria do 96.....	50 a 52
Axenda.....	53
In memoriam.....	54



Foto portada: Cova do Cano
(Foto: J. Higinio Díz)

LIMIAR

Un traballo valioso

Se cada castro ten a súa cova, como afirma a xente nas aldeas, eu digo que tamén cada cantil ten a súa furna. Claro que a cova á que se refiren os paisanos é máis ben una saída subterránea pola que fuxir no caso de invasión inimiga, mentres que, polo oco do cantil, máis que escapar, pode un quedar apreixado no descoñecido.

En Galicia abundan as furnas. Basta dar un paseo pola costa para comprobarlo. En todo o litoral lucués, coruñés e pontevedrés é doadoo observar os ocos que abriu a auga co seu petar incesante sobre os cantís no decurso do tempo. Anos e anos, o home gardoulles respecto porque, meterse nesas cavidades, na súa insondable negritude, era non só unha aventura apaixonante, senón tamén un perigo evidente. Por iso as furnas foron unhas grandes descoñecidas, e parte delas aínda seguen sendo só habitación inexpugnable das aves mariñas, agás as menos fondas, visitadas ó longo do tempo por pescadores.

Na historia xeográfica de Galicia recóllese apuntes sobre cavidades da costa. Os estudiosos do tema legáronnos toponimias e lendas e tamén o relato dalgúnha exploración. A cova da Anca, a dos Touciños, a da Sireñita e a do Fanfarrón, nomes de grutas do litoral coruñés, deron pé a moitas fantasías sobre a existencia no seu interior de cámaras sepulcrais, trasgos, espíritos queixosos e paisaxes paradisiacos..., mais, entre tantos contos, non se incluiu o da galina cos seus pitos de ouro, que a tradición popular parece reservar para as covas do interior.

A finais do quinto decenio do século XX comezou no litoral pontevedrés a exploración e o estudio das furnas. O avance da espeleología, e a ausencia de covas en terreos graníticos da costa, propiciou o acceso dos espeleólogos ás grutas mariñas. Foron os Montañeiros Celtas os exploradores de varias furnas nas Cíes e mais en Ons no ano 1959, e estes mesmos deportistas fixeron en 1969 a topografía da Cova de Lago no Morrazo. En anos sucesivos incorporáronse ás exploracións espeleológicas de Trevinca, Santa Clara, Rey Gerón e Aradelas, e foi un membro deste último club, José Higinio Díz Dios, quen habería continuar con elas durante as dúas

últimas décadas do século pasado.

Deportista incansable e investigador seriamente comprometido coa espeleología, Díz fundou o *Espeleo Club Aradelas* de Vigo; foi director da FGE e membro do Grupo de Espeleosocorro galego. Os últimos tres anos dedicounos expresamente á elaboración do catálogo de furnas da costa pontevedresa xunto co seu compañoiro Raúl Ríos Basadre, tamén, coma Díz, explorador de moita experiencia. O froito dos seus coñecementos en materia de espeleología, e a constancia que ámbolos dous verteron no labor do inventario culminaron nun catálogo que **FURADA** publica neste número.

A lista recolle 60 furnas coas súas correspondentes localizacións xeográficas, coordenadas, medios técnicos para acceder ó interior, descripcións da estrutura e morfoloxía de cada cavidade, estado das augas, etc. En resumo, o *Catálogo de Furnas do Litoral Pontevedrés* é un traballo serio e ben acreditado. Podémolo considerar como unha importante contribución ó coñecemento das peculiaridades da costa galega, e tamén como elemento de estímulo á actividade creativa e documental no eido da investigación espeleológica. Só hai que desechar agora que se estenda o exemplo.

ÁRTABROS EN CUBA

Ninguén coñeceu en Galicia ata 1996 a *histoplasmosis*, unha enfermidade que se contrae por respira-las emanacións do guano dos morcegos. Foi nese ano cando catro expedicionarios de Ártabros viaxaron a Cuba para explorar un importante sistema cavernoso en compañía de varios espeleólogos da illa, e tres deles contraerón o mal. De volta a Galicia, tardaron bastante tempo en reponer-la súa saúde pois aquí nada o moi pouco se sabía dunha doença que produce no enfermo febre e dificultades na respiración.

Nas páxinas amarelas deste número, dedicadas, como é habitual, a feitos da historia da Espeleología e ós seus protagonistas, atopará o lector unha amplio relato daquela aventura que foi tan interesante no aspecto espeleológico coma dramática para a saúde dos seus participantes.

Enrique de Arce

Catálogo de furnas do litoral pontevedrés

Por: José Higinio Diz Dios (*)
Raúl Ríos Basadre (*)

Resumo: Este artigo é un catálogo das principais cavidades de orixe mariña ou furnas da provincia de Pontevedra. Nel describense ata un total de 60 cavidades con máis de 20mts. de desenrollo ou 10mts. de desnivel incluyendo as súas respectivas topografías e mapas de situación.


Resumen: Este artículo es un catálogo de las principales cavidades de origen marino o "furnas" de la provincia de Pontevedra. En él se describen hasta un total de 60 cavidades con más de 20mts. de desarrollo o 10mts. de desnivel incluyendo sus respectivas topografías y mapas de situación.

Summary: This article is a catalog of the main caves of a sea origin, originally called "furnas", in the province of Pontevedra. In it are described 60 caves in total, all of them with either more than 20mts. in length or with a 10mts. up or downward slope, including their topographies and location maps.

Zusammenfassung: Dieser Artikel ist ein Katalog der bedeutendsten Meereshöhlen oder "furnas" der Provinz Pontevedra. Hier werden bis zu 60 Höhlen mit über 20 Meter Länge oder 10 Meter Höhenunterschied beschrieben, einschließlich ihrer jeweiligen Topographien und Lagekarten.

O catálogo de Furnas do Litoral Pontevedrés e froito dun doble traballo. Por unha banda fixose un labor de recompilación de información das primeiras exploracións en furnas, e por outra un arduo traballo de prospección e topografía ó longo de máis de tres anos só interrompidos polas treboadas e choivas dos invernos.

As primeiras exploracións en furnas datan da primavera do 1959 na que membros do Club Montañeiros Celtas fan varias exploracións nas Illas Cies e Illa de Ons; posteriormente, no 1969, espeleólogos deste mesmo club fan a topografía de Cova Lago na Península do Morrazo. Na década dos 70 únense ó carro das exploracións os clubs GESIC Trevinca e GES Santa Clara, destacando as topografías do



Furnas Xemelgas. Apenas 5 metros separan ámbalas dúas bocas
(Foto: J. Higinio Diz)

GES Montañeiros Celtas na Península do Morrazo (Cova "La Furna" e Cova Poniente). Pero sería na década dos 80 cando os traballos fanse más continuados: o GE Rey Gerion OJE fai un croquis do Buraco do Inferno, o Club Montañeiros Celtas fai varias topografías nas Illas Cies (Furna das Lontras, Cova do Cadáver e Cova do Seixo) e o levantamento topográfico do Buraco do Inferno na Illa de Ons, mentres que por outra banda o Espeleo Club Aradelas explora e topografía as cavidades das enseadas de Canivelñas e Fedorento tamén na Illa de Ons, e dende aquí, ó longo da década dos 90 o resto das furnas do litoral pontevedrés.

Os traballos de prospección fixéronse desde terra, camiñando

pola costa ou ben baixando ós cantís con cordas, e desde o mar, percorrendo os cantís nunha embarcación e nadando ata as furnas. Temos que dicir que nas Illas Cies non fumos quen de explorar os cantís oeste da Illa de San Martiño e sur-oeste da Illa do Medio; a forte ondaxe estivo a piques de emborcar a nosa gama-la en varias ocasións.

Xeoloxía

Xeoloxicamente, a costa de Pontevedra pódese dividir en dous grandes grupos de rochas: Os granitos da edade Hercínica e os metasedimentos do Silúrico.

Os primeiros constitúen a práctica totalidade da costa. Están fortemen-

EXPLORACIÓN

te fracturados de xeito ortogonal e están formados na súa meirande parte por granitos de dúas micas e en menor grao por granodioritas. Nestas zonas graníticas as furnas aparecen como fenómenos aillados agás nas Illas Cies e Illa de Ons, nas que a súa estructura tectónica favorece a formación das mesmas.

O segundo tipo de rochas son os metasedimentos do Silúrico, constituidos esencialmente por esquistos nos que se intercalan areniscas e cuarcitas. Os metasedimentos forman unha franxa encaixada no granito que se alonga de sur a norte (complexo "O Rosal - A Lanzada - Xuno") atravesando as Rías na súa parte máis occidental. É de salientar que nas zonas costeiras que coinciden con este tipo de rochas a formación de furnas é dodata, como no caso de Monteferro, Cabo do Home (Península do Morrazo) ou a Enseada de Caniveliñas (Illa de Ons).

Algúns consellos

Ainda que as furnas son cavidades de pequeno tamaño compre ter en conta algúns consellos para a súa exploración.

Olló ás mareas e á ondada. Ainda que na furna non teñamos problemas é fácil quedar bloqueado nos cantís. Pode ser perigoso. Revisar as instalacións dos pozos. Os ambientes mariños saturados de salitre atacan fortemente ós spits.

1. FURNA CORVEIRO

Situación:

Desenrolo horizontal: 29 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE
Escala 1:25.000 FOLLA 184-II GROVE - ILLA DE ONS (3-10)
Punta Corveiro, parroquia de Noalla, concello de Sanxenxo.
Coordenadas UTM:
 $X=510.090$; $Y=4.696.975$; $Z=0$ mts.
Asentada en metasedimentos da serie Silúrica (esquistos andalucíticos).
Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Marzo, 1995

Localización:


Localízase a metade do camiño entre Punta Corveiro e a praia de Portomouro. Unha estrada asfaltada baixa ata a devandita praia dende a C-550 (Portonovo-O Grove).

Descripción:

Unha grande boca de 6 metros de ancho e máis de 12 metros de altura permite que a luz do sol alumee a práctica totalidade desta furna de 20 metros de desenrolo no seu eixo principal. Somentes unha pequena galería lateral de 9 metros de lonxitude queda na penumbra.

O chan de area, as escassas filtracións e o ton escuro da rocha son as características más sobresalentes da cavidade, sen esquecemos das curiosas e chamativas formacións coralinas que se atopan preto da súa entrada e que non son habituais nestas costas.

Pese a non ter interés espeleoloxico, xeoloxicamente resulta moi interesante polos plegamentos dos estratos do cantil no que se abre a furna, a más da composición mineral dos mesmos.



2. FURNAS XEMELGAS


Situación:

Desenrolo horizontal: 24 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE
Escala 1:25.000 FOLLA 184-II GROVE - ILLA DE ONS (3-10)
Os fornos, parroquia de Noalla, concello de Sanxenxo.
Coordenadas UTM:
 $X=510.175$ $Y=4.696.725$ $Z=0$ mts.
Desenrolase en metasedimentos da serie Silúrica (esquistos andalucíticos).
Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Marzo, 1995

Localización:

Ábrese ó pé dunha lisa parede de rocha que baixa deica o mar na zona chamada Os Fornos, pequena baía comprendida entre O Corveso e Punta Corveiro.

Unha pista de terra achéganos dende a estrada 550 (Portonovo - O Grove) deica Punta Corveiro; dende aquí podémonos achegar descendendo dun seito moi doadó ó fondo da enseada.



EXPLORACIÓN

Descripción:

Son dúas pequenas cavidades paralelas de 14 e 10 metros de desenrollo cunha pequena separación entre elas de apenas 5 metros. Malia o seu pequeno tamaño, inclúense neste catálogo ó considerármolas de interese tanto pola súa morfoloxía coma polos seus fermosos arredores.

Ámbalas dúas galerías teñen o seu leito de rocha, áinda que na meirande delas fórmase un depósito de gravas que se espalla ata o final da mesma. A outra cavidade salpicada de pequenas pedras, presenta un treito final fortemente pulido.

Unha fina fractura que fura perpendicularmente as dúas cavidades permite que estas se acheguen áinda máis no seu interior intuíndose así unha futura comunicación entrámbalas dúas.

Algunhas filtracións de auga doce orixinan pequenas coladas de cor laranxa que resaltan sobre os tons escuros da rocha nai. Non hai nelas contaminación algúnhia.

3. FURNA DE POCIÑAS

Situación:

Desenrollo horizontal: 29mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL
DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE
Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV
GROVE - ILLA DE ONS (3-10)
Praia das Pociñas, parroquia de

Noalla, concello de Sanxenxo.

Coordenadas UTM:

X=510.475 Y=4.695.975 Z=0 mts.

Escavada en metasedimentos da serie Silúrica (esquistos andalucíticos).

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Setembro, 1993

Localización:

A furna ábrese nun illote situado en Pociñas, ó norte da praia de Major. Coa marea baixa este pendo de rocha queda seco sendo doadoo o acceso ó mesmo se caminhamos dende a praia.

Descripción:


A morfoloxía desta cavidade acada un certo interese xa que a constitúen dous tubos cásqueo paralelos de 15,5 e 14 metros comunicados entrámbolos dous por un burato no tabique que separa as galerías.

O máis longo dos tubos, cunha sección media de 4 metros de ancho, fura o illote dun lado ó outro orixinando un interesante arco natural, namentres que a segunda galería, de inferiores dimensións, non o chega a atravesar totalmente. Ámbalas dúas presentan pequenos buratos na zona sur dando lugar a entradas laterais e superiores de pouca importancia.

Nalgúns puntos da cavidade pódense ver depósitos de area e pequenas formacións calcáreas de orixe coralino.

Non hai contaminación algúnhia por mor da intensa circulación das

augas mariñas.



Bascuas

Noalla, Sanxenxo

TOPO: ECA

MARZO, 1994

0 1 5Mts.

4. FURNA DE BASCUAS

Situación:

Desenrollo horizontal: 20 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL
DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184
GROVE

Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV
GROVE-ILLA DE ONS (3-10)

Praia de Bascuas, parroquia de
Noalla, concello de Sanxenxo.

Coordenadas UTM:

X=511.750 Y=4.694.550 Z=0 mts.

Escavada en metasedimentos da serie
Silúrica (esquistos andalucíticos).

Topografía: Espeleo Club Aradelas
(ECA). Marzo, 1994

Localización:


Esta furna, amais das outras cavidades de menor importancia, ábrese nos cantís ó sur da praia de Bascuas dende a que o acceso é doadoo durante a baixamar.

Descripción:

Pola contra do que acostuma a ser, a furna escomenza nun tubo duns 10 metros de lonxitude e sección uniforme que anchea de súpito nun dos seus laterais orixinando unha sala de dimensións importantes. Temos que lembrar que o que adoita acontecer neste tipo de cavidades é xustamente o contrario, unha grande boca de entrada que estreita ó tempo que avanzamos ó interior da galería.

Pociñas

Noalla, Sanxenxo
TOPO: ECA
SEPTIEMBRE, 1993



EXPLORACIÓN

Ó longo de todo o ano pódense apreciar importantes filtracións de orixe fluvial entre as que compre suliñar as da galería de entrada, esta é a causa da abondosa proliferación das formas parietais de recheo que en forma de pequenas coladas de tons brancos e grises cobren distintas zonas do teito e paredes da cavidade.

Hai que suliñar as grandes diferencias apreciadas na espesura da area que constitúe o leito da cavidade que dunha marea a outra pode variar en máis dun metro. Isto amosa que o mar, que adoita actuar coma un axente erosivo, ás veces actúa tamén coma axente de recheo favorecendo a sedimentación de materiais como gravas e areas. Sen dúbida este tipo de fenómeno pode desvirtua-las topografías despistando así ós futuros visitantes.

5. FURNA ELMO I

Situación:


Desenrolo horizontal: 22 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL
DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 185 PONTEVEDRA
Escala 1:25.000 FOLLA 185-III MARIN (4-10)
Punta de Elmo, parroquia de Adigna, concello de Sanxenxo.
Coordenadas UTM:
X=513.125 Y=4.692.900 Z=0 mts.
Escavada en metasedimentos do Silúrico (esquistos andalucíticos).
Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Marzo, 1994

Localización:

Collemos de seguido a estrada C-550 dende Portonovo cara o Grove e afastámonos pola pista que leva ó monte Cabicastro. Dende alí imos ata o monólito da Punta de Elmo e, ó pé del, ábrese a furna.

Descripción:

A boca da cavidade, malia as súas notables dimensións, pode pasar desapercibida por mor da grande cantidade e volume dos materiais clásticos que se amontonan nela.



Unha única galería de 22 metros de desenrolo ó longo dunha acantuada diaclasa constitúe a totalidade da cavidade na que se atopan algunas pequenas coladas orixinadas polas filtracións de auga doce.

O grao de contaminación é praticamente nulo a excepción dalgúns residuos levados polas mareas.

A furna é inaccesible durante a preamar.

6. FURNA PENEDO

Situación:

Desenrolo horizontal: 34 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL
DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 223 VIGO
Escala 1:25.000 FOLLA 223-I
CANGAS (4-11)
Punta Penedo, parroquia de San Martín, concello de Bueu.
Coordenadas UTM:
X=517.175 Y=4.686.425 Z=0 mts.
Escavada en granitos de afinidade calcoalcalina do Hercínico (grano-diorita precoz).
Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Agosto, 1995

Localización:


Situada entre a praia de Bueu e Punta Penedo, ó pé dun edificio de catro plantas. O acceso é doadoo camiñando dende a praia.

Descripción:

A furna posúe dúas bocas de acceso. A do norte, a máis estreita, leva a unha galería rectilínea que é o eixo principal da cavidade e enlaza ós 9 metros coa galería secundaria. De seguirmos pola principal atopamos unha grande pedra de 2 metros de lonxitude e 2 metros de altura que cómpre gabear para acada-lo treito final da cavidade.

A segunda entrada, semioculta por un montículo de bloques e máis preto da praia, xira de súpito á dereita formando unha lene rampa descendente que logo de 12 metros enlaza coa galería principal. O chan é areoso na práctica totalidade do complexo.

Cómpre salienta-la existencia dunha importante filtración de augas fecais nos primeiros metros da galería principal, quizais procedente do bloque de vivendas construído sobre do cantil.



EXPLORACIÓN

7. COVA DO CANO / "LA FURNA"

Situación:

Desenrolo horizontal: 42 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 223 VIGO
Escala 1:25.000 FOLLA 223-I CANGAS (4-11)
Furnia, parroquia de Hio, concello de Cangas do Morrazo.
Coordenadas UTM:
X=517.225 Y=4.683.950 Z=0 mts.



Cova do Cano. A súa grande boca permite que a luz ilumine toda a cavidade
(Foto: J. Higinio Diz)

Escavada en granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico).

Topografía: GES Montañeiros Celtas (GES MC). Xullo, 1973

Localización:

Ábrese preto de Punta Couso, na costa sur da boca da Ría de Aldán. A zona na que se atopa coñécese polo topónimo "Furnia", que posiblemente faga referencia á existencia desta cavidade.

Descripción:

A furna debe o seu nome a un pequeno manantial de auga doce que está embalsado e encanado no seu interior e que serve de fonte durante a baixamar. Unha boca de grandes dimensións deixa pasa-la luz ata praticamente á totalidade da cavidade, formada por unha galería única de 42 metros de desenrolo onde as filtracións de auga doce son moi abondosas. Chámase tamén cova "A Furna".

A gruta, que só ten acceso durante a baixamar, carece de concreciones e non ten contaminación algúnhia.

8. FURNA CENTULO

Situación:

Desenrolo horizontal: 23 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE
Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV GROVE - ILLA DE ONS (3-10)
Punta Centulo, Illa de Ons, concello de Bueu.

Coordenadas UTM:

X=506.575 Y=4.694.365 Z=0 mts.
Desenrolada en granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico).
Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Agosto, 1995


Localización:

Unha das rutas turísticas más frecuentadas en Ons é o paseo ata a Punta do Centulo, na beira norte da illa. Dende alí pódese olla-la abraiente figura do illote do mesmo nome, co que se une na baixamar. É nesta punta, ó pé dos cantís, onde se abre a furna.

Descripción:

Esta pequena cavidade que cáse que non acada os 23 metros de desenrolo constitúena unha galería de perfil ascendente e moi erosionada nos seus primeiros metros pola actividade do mar. Bloques pulidos e escorregadizos de tó dolos tamaños cobren o chan de rocha e algunas finas filtracións de tons ocres decoran as paredes.



O acceso á furna somentes é posible coa marea baixa.



Furna Centulo

Illa de Ons, Bueu
TOPO: ECA
AGOSTO, 1995

EXPLORACIÓN



9. FURNA XUBENCO

Situación:

Desenrolo vertical: 32 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE
Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV GROVE - ILLA DE ONS (3-10)
Punta de Xubenco, Illa de Ons, concello de Bueu.
Coordenadas UTM:
X=505.825 Y=4.694.100 Z=0 mts.
Escavada nos granitos de afinidade alcalina (granito de dúas micas cataclástico) da idade Hercínica.
Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Setembro, 1995

Localización:

De seguírmelo-la "Ruta dos corvos mariños" en dirección norde atopáremo-lo sendeiro que vai deica a Punta de Xubenco, no que hai un sinal de "zona de paso restrinxido" por ser unha importante área de cría para unha chea de aves mariñas. Unha vez nos cantís debemos recuar pola costa cara ó interior da enseada da Pociña ata atopa-la canle na que se abre a furna.

Descripción:

A furna Xubenco é unha estreita diaclasa que se alonga máis de 30 metros e onde cómpre entrar nadando ánda coa baixamar.

A súa principal característica son os importantes depósitos de algas que se amorean e podrecen no treito final da caverna e que ás veces superan o metro de grosor. A continua descomposición destas grandes cantidades de materia orgánica ten diversos efectos negativos sobre a cavidade de xeito que o fedor do ar é cáuseque irrespirable, a auga é moi turbia e cheira e as paredes cóbrense dunha fina película que as fai moi escorregadizas.

Por mor do seu elevado grao de contaminación e o seu escaso interés espeleolóxico non é aconsellable a súa visita.

10. FURNA DO HORNEJO DA REGATA

Situación:

Desenrolo horizontal: 24 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE
Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV GROVE - ILLA DE ONS (3-10)
Enseada da Pociña, Illa de Ons, concello de Bueu.
Coordenadas UTM:
X=505.900 Y=4.693.990 Z=0 mts.
Desenrólase nunha estreita faixa de metasedimentos do silúrico, no punto de contacto con os granitos da idade Hercínica.
Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Agosto, 1995

Localización:

Seguindo polo camiño que vai deica Punta Centulo tomamos un sendeiro que nos achega directamente ó fondo da enseada da Pociña e dende aquí adiantamos polos cantís ata punta de Xubenco. Pola metade do camiño xa vémo-la chamativa boca da cavidade xunta outras menos importantes.

Descripción:

Esta furna divídese en dous treitos de diferente composición. O primeiro é unha rampa de pelouros e bloques que remata nun resalte



Galos mariños preto da Furna Hornejo da Regata (Foto: J. Higinio Díz)

EXPLORACIÓN

arxioso de pouco máis de 2 metros de desnivel. A forza do mar non chega máis alá deste punto.

O treito da galería que segue ó resalte é de chan terroso e húmido no que hai unha chea de fentos e carrixa de pequeno tamaño por mor da grande luminosidade da caverna.

11. FURNA DE MANUELECHE

Situación:

Desenrollo horizontal: 64 mts.

Desnivel: 20 mts.

MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE

Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV GROVE - ILLA DE ONS (3-10) Ensenada da Pociña, Illa de Ons, concello de Bueu.

Coordenadas UTM:


X=506.275 Y=4.693.875 Z=0 mts.

Escavada nos granitos de afinidade alcalina (granito de dúas micas cataclástico) da edade Hercínica.

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Agosto, 1995

Localización:

Segundo o camiño que vai ata Punta Centulo cómpre colle-la pequena desviación que nos leva directamente ó fondo da enseada da Pociña e máis concretamente á



zona coñecida coma Cova da Vella. De camiñarmos pola costa en dirección norde atopamos axiña a espectacular boca da furna de Manueleche.

Descripción:

Esta cavidade tamén coñecida coma "Cova da Vella" ou "Cova do touro dos cornos de ouro" é outra vella coñecida dos habitantes de Ons, ó menos a súa boca e treito inicial; de certo, esta galería agacha no seu interior unha galería superior de difícil acceso aparentemente descoñecida ata a nosa chegada.

A galería inferior é unha furna activa de chán e paredes limpos

de sedimentos agás algunas grandes pedras que o mar non é quen de arrastrar nin espallar. Os 18 metros un grande bloque de máis de 4 metros de altura e que cobre o ancho da galería fai de atranco impedindo o paso do mar e servindo de apoio a unha forte rampa de materiais clásticos formados por terra e rochas graníticas. Esta rampa non é máis que a base dun pozo de sección circular que nos vai achegar ata a galería superior na que cómpre salienta-las filtracións que discorren polas súas paredes orixinando nalgunhas partes do chán interesantes microgours.

12. COVA DO LOBO

Situación:

Desenrollo horizontal: 40 mts.

MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE

Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV GROVE - ILLA DE ONS (3-10) Punta Centulo, Illa de Ons, Concello de Bueu.

Coordenadas UTM:

X=506.650 Y=4.693.875 Z=0 mts.

Escavada nos granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico).

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Agosto, 1995



Furna de Manueleche. Unha das más interesantes da Illa de Ons (Foto: Raúl Ríos)

EXPLORACIÓN

Localización:

Dende o pobo tomámo-lo camiño que vai cara á Punta do Centulo no norte da illa. A poucos metros do monte Centulo un sendeiro baixa ata a pequena enseada na que está a furna.

Descripción:

A esta boca, coñecida dende sempre polos veciños da illa, rodéana unha chea de misteriosas lendas que poderían te-la súa orixe probablemente no seu difícil acceso que obríganos a entrar nadando incluso coa marea baixa.

Logo de ter nadado uns 16 metros dende a entrada atopamos un estreitamento de difícil paso pola forza do mar. Ó sobrepasalo, achegámonos a unha pequena praia pola que adiantaremos deica o final da furna sendo os dous derradeiros metros de croios. Alí atopamos unha fenda chea de residuos incrustados polas ondas.

No treito da galería anegado polas augas podemos observa-lo nivel máximo da preamar polo ton rosa do das paredes que quedan ó descuberto ó baixa-las mareas.



Ainda na baixamar a entrada na Cova do Lobo ten que facerse a nado
(Foto: J. Higinio Diz)

13. FURNA PENDENTE ANCHA

Situación:

Desenrolo horizontal: 36 mts.

MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE

Escala 1:25.000 FOLLA 184 - IV GROVE - ILLA DE ONS (3-10)

Punta de Fontenova, Illa de Ons, concello de Bueu.

Coordenadas UTM:

X=505.750 Y=4.693.700 Z=0 mts.

Escavada en granitos de afinidade alcalina da edade Hercínica nunha zona moi fracturada e próxima a un pequeno afloramento de metasedimentos do Silúrico.

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Setembro, 1995


Localización:

A cavidade ábrese ó fondo da pequena enseada entre a Punta de Fontenova e a Punta de Xubenco, onde asimesmo pódense atopar outras cinco furnas de pouco desenrolo maila as súas chamativas bocas.


Descripción:

De analizármo-la súa topografía observamos que a planta é totalmente inversa á meirande parte das cavidades recollidas neste catálogo, pasando progresivamente ó longo de 36 metros dunha entrada de pouco máis de 3 metros de ancho a un final de caverna de 18 metros.

De adentrámonos na furna veremos un resalte de rocha que discorre a media altura por gran parte da parede esquerda e onde destaca unha grande charca alimentada polas salpicaduras das ondas. A 25 metros da entrada achegámonos a unha zona de voluminosos bloques onde a galería ensancha formando unha sala con algunas formas de recheo a xeito de pequenas coladas.



EXPLORACIÓN



Pendiente Ancha

Isla de Ons, Bueu
TOPO: ECA
SEPTIEMBRE, 1995



Estalagmita de importantes dimensões na Furna Galilleiro
(Foto: J. Higinio Díz)

14. FURNA GALILLEIRO

Situación:

Desenrolo horizontal: 34 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE
Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV GROVE - ILLA DE ONS (3-10)
Punta o Galilleiro, Illa de Ons, concello de Bueu.
Coordenadas UTM:
X=506.555 Y=4.693.630 Z=0 mts.
Escavada na zona de contacto entre unha estreita franxa de metasedimentos do Silúrico e os materiais graníticos do Hercínico.
Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Agosto, 1995

Localización:

Toma-la pista de terra que dende o peirao nos leva ata á praia de Melide e dende aquí camiñar cara ó norte pola liña de costa ata Punta o Galilleiro onde atoparemos no primeiro lugar a furna O Cornecho e uns 10 metros máis adiante a furna Galilleiro.


Descripción:

Aínda que esta cavidade, do mesmo xeito que a grande maioría das furnas, desenrólase ó longo dunha única diaclasa, presenta unha chea de características que a converten nunha das más interesantes da illa.

En principio a furna semella estar formada por unha galería duns 2 metros de altura; mais a poucos metros da entrada podemos comprobar que trátase dun falso teito que da orixe a unha galería superior desfondada en tres treitos.

A galería inferior, cun ancho medio dun metro, acada os 31 metros de desenrolo e o seu chan é rochoso. Non hai sinais dunha grande actividade mariña coma o amosan o grande número de arañeiras que hai nos primeiros metros da mesma, polo que é posible visitala mesmo na preamar.

O treito superior é sen dubida algúns o de maior interés. Comunica ó exterior por unha pequena ventá situada a 5 metros por riba da entrada inferior e o seu ancho acada asimesmo os 5 metros. O chan está formado por bloques, terra e lama que o fan moi escorregadizo. O derradeiro treito desta zona superior é ascendente e logo de facer unha trepada duns 4 metros de desnivel acádase unha pequena sala onde podemos apreciar unha espectacular estalagmita de tons vermellos de máis de 20 centímetros de altura. Nesta sala pódense ver tamén outras estalagmitas, estalactitas e coladas arxilosas de máis pequenas dimensións.



Furna Galilleiro

Isla de Ons, Bueu
TOPO: ECA
AGOSTO, 1995

EXPLORACIÓN

15. FURNA O CORNECHO

Situación:

Desenrollo horizontal: 40 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL
DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE

Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV

GROVE - ILLA DE ONS (3-10)

Punta o Galilleiro, Illa de Ons, concello de Bueu.

Coordenadas UTM:

X= 506.550 Y=4.693.625 Z=0 mts.

Asentada na zona de contacto entre unha estreita franxa de metasedimentos do Silúrico e os materiais graníticos do Hercínico.

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Xuño, 1988


Localización:

Toma-la pista de terra que dende o peirao nos leva cara a praia de Melide e dende aquí ir de seguido pola liña de costa en dirección norte ata acada-la Punta o Galilleiro. É neste cabo onde separadas escasamente 10 metros ábreñense as furnas O Cornecho e O Galilleiro, que pese a súa proximidade son de características claramente diferenciadas.

Descripción:

A súa chamativa boca de máis de 7 metros de altura e 4 metros de ancho fai que sexa ben coñecida polos lugareños. Fórmala unha galería única de 40 metros de lonxitude. O primeiro tramo presenta un chan redondeado moi pulido e escorregadizo, que pola súa traxectoria praticamente horizontal axiña se asulaga ó subi-las mareas. Ós 12 metros da entrada dous bloques de considerable tamaño fan de atranco impedindo que o mar leve con él a area e pedras acumuladas tras deles, é o comenzo dun treito ascendente que se espalla ata acadar un resalte da rocha que forma unha pequena sala de apenas un metro de alto. O ancho medio da cavidade é de 1,5 metros.

Carece de filtracións de auga doce e de concreciones. O seu grao de contaminación é moi baixo.



Furna O Cornecho

Illa de Ons, Bueu
TOPO: ECA
AGOSTO, 1994

16. FURNA FONTENOWA II

Situación:

Desenrollo horizontal: 32 mts.

MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL
DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184
GROVE

Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV
GROVE - ILLA DE ONS (3-10)

Punta de Fontenova, Illa de Ons, concello de Bueu.

Coordenadas UTM:

X= 505.600 Y=4.693.550 Z=0 mts.

Escavada en granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico).

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Agosto, 1995

Localización:

Dende o manancial do Gaiteiro baixamos polos cantís ata a enseada de Bastián de Val. Dende aquí adiantamos pola costa en dirección norde deixando tras de nós as furnas de o Gaiteiro e Fontenova I ata acadar, logo dalgúns treitos traballosos, a boca de Fontenova II.


Para nos achegar cómpre termos en conta o estado das mareas.

Descripción:

A furna nos seus primeiros 18 metros ten un irregular e escorregadizo balcón lateral que invita ó explorador a extremalas precaucións para non caer nunha fonda canle pola que o mar entra violentamente áinda

na baixamar. No remate deste treito un coidadoso destrepe permite baixar á parte inferior da galería se o deixaren o estado das mareas. Dende aquí a tendencia ascendente do chan e un vagoroso estreitamento das paredes convírtete a furna nunha marcada diaclasa que se alonga ata o final da cavidade.



Nalgúns puntos aprécianse pequenas filtracións de auga doce e algunas coladas arxilosas.



Fontenova II

Illa de Ons, Bueu
TOPO: ECA
AGOSTO, 1995

EXPLORACIÓN



17. FURNA FONTENOVA I

Situación:

MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE

Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV

GROVE - ILLA DE ONS (3-10)

Punta de Fontenova, Illa de Ons, concello de Bueu.

Coordenadas UTM:

X= 505.575 Y=4.693.450 Z=0 mts.

Excavada nos granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico).

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Agosto, 1995

Localización:

Dende o manancial do Gaiteiro baixaremos polos cantís da ense-

ada de Bastián de Val e dende aquí avanzamos pola costa en dirección noroeste. Ó chegarnos fronte ó illote Xubenco, pirámide de rocha de 20 metros de altitude, atopamos unha pequena cavidade de 17 metros de lonxitude cunha grande boca; trátase da furna do Gaiteiro; pouco máis ó noroeste aparecerá diante de nós o imponente pórtico da furna Fontenova I.

Descripción:

A boca da cavidade é un grande arco de ferradura que se alonga 30 metros formando unha grandiosa bóveda que acada 15 metros de altitude e na que os corvos mariños aniñan nas zonas más altas. Aquí un gran-

de bloque que atranca parcialmente a galería e que se sobre pasa polo seu lado dereito, sinala un cambio na morfoloxía da cavidade. O chan incrementa a súa pendiente, o teito perde altitude e desaparece a súa forma abovedada transformando o final da cova nunha modesta galería que morre 18 metros máis adiante.

A furna non ten concreción algúnsa e ten o chan salpicado de grandes bloques desprendidos do teito coma o que atopamos na parte superior esquerda da boca e que está a piques de caer.

18. FURNA BASTIÁN DE VAL

Situación:

Desenrollo horizontal: 85 mts.

MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE

Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV

GROVE - ILLA DE ONS (3-10)

Punta de Fontenova, Illa de Ons, concello de Bueu.

Coordenadas UTM:

X= 505.250 Y=4.693.050 Z=0 mts.

Excavada nos granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico).

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Agosto, 1995

Localización:

Dende o manancial de O Gaiteiro baixamos polos cantís á enseada de Bastián de Val para dende aquí adiantar cara ó sur ata acadar unha grande cova ó pe dun afloramento granítico. Ó fondo da mesma e semioculto polos bloques un pequeno burato dá paso á primeira entrada da cavidade, ben estreita, por certo. Un pouco máis adiante unha segunda boca permite entrar na furna dun xeito moito más doado.

Descripción:

Malia ser unha cavidade descoñecida para as xentes do lugar, polo discreto das súas bocas, esta furna é unha das más significati-

EXPLORACIÓN

vas no litoral pontevedrés polo seu grande desenrollo de máis de 85 metros.

Como xa dixeramos antes a primeira das bocas desemboca nunha galería que estreita ata frea-lo seu acceso nunha angosta fendedura que cáseque non acada os 15 centímetros de ancho, polo que cómpre recuar ata o cantil e busca-la segunda entrada.

As dúas galerías veñen a dar nos vértices da base dunha sala triangular co chan de terra e algunas chamativas filtracións. O vértice superior deste triángulo é un resalte que nos achega a unha galería cáseque rectiliña que forma pequenas salas e pasos estreitos.

19/20. FURNAS DE ESTREPEIRAL (E-1, E-2, E-3)

Situación:

Desenrollo horizontal: 22, 25 e 6 mts.

MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE

Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV GROVE -ILLA DE ONS (3-10)

Punta Estrepeiral, Illa de Ons, concello de Bueu.

Coordenadas UTM:

X= 505.250 Y=4.692.850 Z=0 mts.

Desenroláse nunha estreita franxa de metasedimento do Silúrico (esquistos) que é a prolongación cara ó norte de outra de similares características que pasa pola enseada de Caniveliñas e donde tamén existen varias furnas.

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Xuño, 1996

Localización:

Ó noroeste da illa, dende o manancial do Gaiteiro, baixamos polos cantís deica a enseada Bastián de Val. Dende aquí adiantámos dirección sur ata a base da punta Estrepeiral onde ó fondo dunha pequena baía abren as tres bocas.



Bocas de acceso á Furna Bastián de Val (Foto: Raúl Ríos)

Descripción:


As tres furnas abren moi preto unhas das outras e quizais noutrora foran unha cavidade única.

A E-1 ten un desenrollo de 22 metros e un ancho de boca duns 6 metros. O chán é lixeiramente ascendente e cuberto de croios e algúns restos achegados polas mareas. Atópase nun nivel lixeiramente superior que as súas homónimas E-2 y E-3.

E-2 é unha galería de 25 metros na que nos decatamos nas paredes e no chán do labor erosivo da forte onda-xe sobre a rocha nai. Algúns bloques cobren a parte central da cavidade.


A furna E-3, de chan areoso, cáseque non acada os 6 metros de desenrollo.

Unha chea de niños de gaivotas ocupan os cantís nos que se abren estas furnas.



EXPLORACIÓN

21. FURNA DO CASTELO



Furna do Castelo

Illa de Ons, Bueu
TOPO: ECA
AGOSTO, 1994



Situación:

Desenrolo horizontal: 20 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL
DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE
Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV
GROVE - ILLA DE ONS (3-10)
Punta do Castelo, Illa de Ons, concello de Bueu.

Coordenadas UTM:

X= 505.950 Y=4.692.200 Z=0 mts.
Escavada nos granitos de afinidade
alcalina do Hercínico (granito de
dúas micas cataclástico).

Topografía: Espeleo Club Aradelas
(ECA). Agosto, 1994

Localización:

Dende o peirao camiñar pola costa cara o norte ata chegar á Punta do Castelo, facilmente reconoecible polos restos dos muros dun antigo castelo que da nome a este cabo rochoso.

Descripción:

A furna, que non ten interés espeleológico algúun non é máis que unha angosta galería duns 20 metros de lonxitude que seguindo unha fractura do granito fura o cabo dun lado ó outro sendo practicable unicamente polo seu extremo norte. A sección do conducto é homoxénea ó longo de toda a cavidade e nela vense sinais da forte circulación da auga como golpes de gubia e chans redondeados.

A presencia de moitas manchas de petróleo e outros materiais que levados polo mar encaixan ó longo desta galería de escamente 50 centímetros de ancho fan que o seu grao de contaminación sexa alto.

Unha vella lenda conta que existe una pasadizo que por debaixo do mar une o "Castelo da Rueda" co "Castelo de A Lanzada".

22. FURNA BOMBAS II


Situación:

Desenrolo horizontal: 31 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL
DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 184 GROVE
Escala 1:25.000 FOLLA 184-IV
GROVE - ILLA DE ONS (3-10)
Con das Bombas, Illa de Ons, concello de Bueu.

Coordenadas UTM:

X= 504.750 Y=4.691.900 Z=0 mts.
Escavadas nos granitos de afinidade
alcalina (granitos de dúas micas
cataclásticos) da edade Hercínica.
Topografía: Espeleo Club Aradelas
(ECA). Agosto, 1995



Bombas II

Illa de Ons, Bueu
TOPO: ECA
AGOSTO, 1995

Localización:

O acceso más doado é toma-lo camiño que dende o piñeiral de Chan da Pólvora baixa ata Punta Liñeiro e dende aquí recúa pola costa ata o Con das Bombas, lugar onde está a furna.

Descripción:

A cavidade que se abre varios metros terra adentro é unha grande sala orixinada polo cruce de dúas diaclasas perpendiculares entre elas sometidas a un adiantado proceso clástico de escavación e afundimento potenciado pola acción das augas de orixe fluvial. O seu eixo principal prolóngase ata o mar ó través dunha fonda e estreita fractura que se asulaga parcialmente durante a preamar. No fondo da sala mana un pequeno regato ó longo do todo o ano, orixinando unhas chamativas coladas multicolores de grande beleza. O chan desta cavidade é de rocha e cunha chea de croios.

A furna pódese visitar sin termos en conta o estado das mareas. O seu grao de contaminación é baixo.

23. FURNA CANO DAS BOMBAS (BOMBAS I)

Situación:

Desenrolo horizontal: 18 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL
DE ESPAÑA

Todo o chan da caivade está cuberto de pequenos bloques e no seu treito final pódense atopar una chea de materiais arrastrados polas mareas.

Sen dúbida algunha o máis interesante da furna é a composición mineral das súas concrecions que se poden dividir en dous grupos. O primeiro e más abondoso neste tipo de cavidades son coladas, estalactitas e stalagmitas arxilosas de pequeno tamaño, ainda que nos causou impresión a súa cor esencialmente negra. O segundo grupo constitúeno algunas ringleiras de pequenas estalactitas ramificadas que non superan os 2 centímetros de lonxitude. A súa composición podería ser algún carbonato.

51. FURNA DAS LONTRAS (CN-1, 2, 3)

Situación:


Desenrolo horizontal: 46 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 222 CIES
Escala 1:25.000 FOLLA 222-IV CIES (3-11)
Illas Cíes, Illa do Norte ou de Monte Agudo, concello de Vigo.
Coordenadas UTM:
X=508.350 Y=4.675.900 Z=0 mts.
Escavada en granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico).
Topografía: GES Montañeros Celtas (GESMC). Abril, 1981
Espeleo Club Aradelas (ECA). Setembro, 1995



Localización:


Atópase o norde da praia de Figueiras. En poucos minutos o acceso é doadoo por terra dende o peirao do barco de liña.

EXPLORACIÓN



Forna das Lontras

Islas Cíes, Vigo
TOPO:
GES MC - ABRIL, 1981
ECA - SEPTIEMBRE, 1995



Buraco do trapo

Islas Cíes, Vigo
TOPO: ECA
NOVIEMBRE, 1995

Descripción:

Orixinariamente estas tres cavidades constituían unha furna única formada por tres galerías, mais co tempo, a acción erosiva do mar provocou o esvaramento e afundimento dos materiais do teito da sala de entrada.

De sur a norde, a primeira cavidade (CN-1) constitúea unha galería estreita e co chan areoso de 17 metros de lonxitude somentes accesible durante a baixamar.

A segunda galería (CN-2) avanta perpendicular á liña de costa e nela percibimos un pequeno saínte que non deixa ó mar enche-los derradeiros metros da cavidade. Dende este resalte a galería estreita moito e o chan vótase terroso.

A terceira galería (CN-3) desenroláse praticamente paralela á costa ó longo de 7 metros ata cruzar cunha diaclasa coa que forma un ángulo recto e que a leva novamente cara ó mar orixinando unha segunda boca de acceso que se sifona durante a preamar.

52. BURACO DO TRAPO

Situación:

Desenrolo vertical: 24 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 222 CIES
Escala 1:25.000 FOLLA 222-IV CIES (3-11)
Illas Cíes, Illa do Medio o do Faro, concello de Vigo.
Coordenadas UTM:
 $X=507.675 Y=4.674.375 Z=0$ mts.
Desenrolada en granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico).
Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Novembro, 1995

Localización:

Dende o camping ascenderemos polo cortafogo ata o observatorio de aves que se atopa ó borde dos cantís a unha cota de 100 metros sobre so nivel do mar. Dende aquí descenderemos facéndose imprescindible o uso de material de técnica alpina para achegármonos con seguridade á parte superior da boca.

Descripción:

A boca da cavidade que supera os 20 metros de altura e o difícil e

arriscado acceso por mar, obríganos a instalar pola parede dereita un espectacular rappel sobre a canle de entrada. Unha escorregadiza cornisa permite acada-lo interior da cavidade que resulta decepcionante polo seu curto desenrolo logo da súa suixerente imaxe exterior.


O chan da furna está formado por unha rampla de bloques graníticos desprendidos do teito da mesma.

53. COVA DO SEIXO (CM-2)

Situación:

Desenrolo horizontal: 22 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 222 CIES
Escala 1:25.000 FOLLA 222-IV CIES (3-11)
Illas Cíes, Illa do Medio o do Faro, concello de Vigo.
Coordenadas UTM:
 $X=507.208 Y=4.673.525 Z=0$ mts.
Desenrolada en granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico).
Topografía: GES Montañeros Celtas. Abril, 1981

EXPLORACIÓN



Cova do Seixo

Islas Cíes, Vigo
TOPO: GES MC
ABRIL, 1981

Localización:

Ábrese no extremo sur da Illa do Faro, no fondo dunha profunda gorxa ó pé do faro da Porta. Unha cómoda pista que parte do peirao de pasaxe lévanos directamente ata o faro para dende alí baixar en poucos minutos ata a parte superior da boca da furna. Para alcanzar a entrada é necesario destrepar ata o nivel do mar e nadar pola canle ata a boca, ou ben realizar unha doida travesía de escalada pola parede esquerda da gorxa.

Descripción:

A cavidade, que se deserola ó longo dunha diaclasa, é unha modesta continuación da profunda canle de entrada que algún día seccionará esta pequena península orixinando un novo illote. Un importante bloque desprendido do cantil obstrúe parcialmente a boca desta discreta furna de algo máis de 20 metros de desenrollo e carente de interés espeleológico. Paredes pulidas e chan de rocha con algúns bloques e depósitos de cunchas son as súas principais características.

Recibe o nome potas salientes vetas de cuarzo que abundan nos granitos nos que se desenrola.

54. COVA DO CADAVER (CM-1)

Situación:

Desenrollo horizontal: 35 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 222 CIES
Escala 1:25.000 FOLLA 222-IV CIES (3-11)
Illas Cíes, Illa do Medio o do Faro, concello de Vigo.

Coordenadas UTM:
X=507.275 Y=4.673.525 Z=0 mts.

Asentada nos granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico) que forman a illa.
Topografía: GES Montañeros Celtas. Abril, 1981

Localización:

Ábrese no extremo sur da illa ó fondo da profunda gorxa situada ó pé do faro da Porta, ó que chegamos doadamente camiñando pola pista que sae do peirao de pasaxe. Atópase moi preto da Cova do Seixo.

Descripción:

Pese ás discretas medidas da súa boca, é unha furna das más significativas da illa no que a lonxitude

se refire, superando os 35 metros de desenrollo ó longo dunha galería rectilínea poboada de pequenos bloques na súa primeira metade e depósitos de area e anacos de cunchas no treito restante. As súas formacións litoxénicas redúcense a algúns pequenos microgours de orixe arxilosa e vistosas cores.


Foi bautizada como Cova do Cadáver polos espeleólogos que fixeron a súa exploración e levantamento topográfico no ano 1981 na lembranza do naufraxio do cargueiro "Marvel", no que perderon a vida varios tripulantes, sendo os seus corpos arrebolados polo mar a estas costas.

55. FURNA DESPERADA (CS-1)

Situación:

Desenrollo horizontal: 29 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 222 CIES
Escala 1:25.000 FOLLA 222-IV CIES (3-11)
Illas Cíes, Illa do Sur ou de San Martiño, concello de Vigo.




Cova do Cadáver

Islas Cíes, Vigo
TOPO: GES MC
ABRIL, 1981




Galería asulagada parcialmente na Furna Desesperada
(Foto: J. Higinio Díz)

EXPLORACIÓN



Furna desesperada (CS-1)

Islas Cíes, Vigo
TOPO: ECA
NOVIEMBRE, 1996



Pereira (CS-2)

Islas Cíes, Vigo
TOPO: ECA
JULIO, 1996

Coordenadas UTM:
 $X=508.700 Y=4.672.100 Z=0$ mts.
Escavada nos granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico) que forman a illa.

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Novembro, 1996

Localización:

Atópase a uns 625 metros ó sur do peirao da praia de San Martiño; o acceso é doador por mar durante a baixamar.

Descripción:

Esta furna ten dúas bocas de acceso. A boca sur é a entrada principal e da paso a unha galería de 17,5 metros de lonxitude dos que os 6 derradeiros forman un curioso depósito de area que contrasta co chan de rocha do resto da cavidade. Os primeiros 9 metros desta galería dan lugar a unha sala con moitas formacións litoxénicas que comunica de novo co exterior ó través dunha galería parcialmente asulagada de 11 metros de desenrolo.

As concrecións observadas son febles estalactitas de ata 30 centímetros de lonxitude, dimensións

pouco adoitadas neste tipo de cavidades. A súa composición basicamente arxilosa das unha peculiar ton vermello, textura escamosa e unha moi grande fraxilidade, polo que é preciso evita-lo roce coas mesmas.

56. FURNA PEREIRA (CS-2)

Situación:

Desenrolo horizontal: 23 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 222 CIES
Escala 1:25.000 FOLLA 222-IV CIES (3-11)

Illas Cíes, Illa do Sur ou de San Martiño, concello de Vigo.

Coordenadas UTM:

$X=508.750 Y=4.672.020 Z=0$ mts.
Desenrolada en granito de dúas micas fortemente fracturado da edade Hercínica.

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Xullo, 1996

Localización:

Esta cavidade localízase con facilidade polas grandes dimensións da súa boca e porque está situada a 100 metros ó sur da furna

Desesperada. Xunto con esta e a CS-3, esta furna sitúase no sector da costa comprendido entre o peirao da praia de San Martiño e o peirao preto da Punta da Xesteira.

Descripción:

É a clásica cavidade de orixe mariño formada por unha galería única que supera os 23 metros de lonxitude, moi ancha nos primeiros metros e que vai estreitando a medida que nos adentramos. Esta configuración é debida a que a acción erosiva do mar é moito más efectiva e continuada na boca, pola que o mar entra ó través dunha profunda canle ainda na baixamar, que no interior da cavidade, onde os materiais clásticos acumulados son moi abondosos e difficilmente arrouados polas mareas.

57. FURNA DA LAMEIRA (CS-3)

Situación:

Desenrolo horizontal: 47 mts.
MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA
Escala 1:50.000 FOLLA 222 CIES
Escala 1:25.000 FOLLA 222-IV CIES (3-11)

Illas Cíes, Illa do Sur ou de San Martiño, concello de Vigo.

Coordenadas UTM:

$X=508.850 Y=4.671.900 Z=0$ mts.
Asentada nos granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico) que forman a illa.

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Xullo, 1996


Localización:

A furna ábrese a poucos metros ó norte do peirao de Punta da Xesteira.

Descripción:

A furna divídese en dúas zonas claramente diferenciadas. A primeira, de orixe mariño, abrangue ata os 18 primeiros metros da cavidade e ten o chan cuberto de grandes bloques de rocha; unha pequena galería de pouco máis de 7 metros orixina unha ramificación lateral de pouca

EXPLORACIÓN



altura. A segunda parte da cavidade, moito máis estreita, é de orixe fluvial e nunca a asulaga o mar. A 30 metros da entrada ábrese unha pequena sala moi bela polas concrecções arxilosas de vivos tons vermellos atravesada por unha importante diaclasa que forma dúas novas galerías impracticables para o espeleólogo. O chan de todo este conxunto é un lago de auga doce e fondo de lama duns 30 centímetros de profundidade. Ó final da cavidade ábrese unha pequena sala superior.

Detectouse a presencia dun quiróptero e importantes depósitos de guano.

58/59. FURNA SUAPONTE (CS-4 E CS-5)

Situación:

Desenrolo horizontal: 20 e 27 mts.
 Desnivel: 0 e 15 mts.

MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA

Escala 1:50.000 FOLLA 222 CIES

Escala 1:25.000 FOLLA 222-IV CIES (3-11)

Illas Cíes, Illa do Sur ou de San Martiño, concello de Vigo.

Coordenadas UTM:

CS-4: X=508.935 Y=4.671.810
 Z=0 mts.

CS-5: X=508.950 Y=4.671825
 Z=0 mts.

Asentada nos granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico) que forman a illa.

Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Xullo, 1996

Localización:

Ambalas dúas cavidades atópanse nunha pequena enseada entre o peirao e Punta da Sesteira cunha pequena separación de escasamente 10 metros.

Descripción:

A furna Suaponte de 20 metros de desenrolo non ten interese espeleológico. Importantes filtracións de auga doce tapizan de brión a súa grande boca, resultado dos avanzados procesos clásticos, que de seguida estreita seguindo unha diaclasa. Nos derradeiros metros atopamos algunas filtracións e coladas.

Ó sur desta cavidade, e acochada polos grandes bloques de pedra desprendidos do teito da furna Suaponte, ábrese a CS-5. O primeiro treito desta furna constitúeno un túnel de sección circular duns 2 metros de diámetro e 6 de lonxitude que se sifona durante a preamar. A partires deste lugar a galería progrésa dun xeito ascendente vencendo un forte desnivel ó longo de 21 metros que hai que trepar con moitísimo coidado para evita-la caída de pedras. Algunhas raíces que se ven ó final da galería son testemuñas da inminente proximidade da superficie.

60. FURNA DA XESTEIRA (CS-6)

Situación:

Desenrolo horizontal: 27 mts.

MAPA TOPOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA


Escala 1:50.000 FOLLA 222 CIES

Escala 1:25.000 FOLLA 222-IV CIES (3-11)


Illas Cíes, Illa do Sur ou de San Martiño, concello de Vigo.

Furnas de Suaponte

Islas Cíes, Vigo
 TOPO: ECA
 JULIO, 1996



EXPLORACIÓN



Crías de gaivota arrastradas polo mar á Furna da Sesteira (Foto: Raúl Ríos)

Coordenadas UTM:
X=509.050 Y=4.671.750 Z=0 mts.
Desenrolada en granitos de afinidade alcalina do Hercínico (granito de dúas micas cataclástico).
Topografía: Espeleo Club Aradelas (ECA). Xullo, 1996

Localización:

A furna CS-6 ábrese no lado sur da Punta da Sesteira. Do mesmo xeito que nas outras cavidades desta zona da illa, o acceso é doador por mar ó ser esta unha área protexida de abondo dos ventos e polo tanto, da forte ondada.

Descripción:

A entrada por mar é moi espectacular. Dous farallóns de rocha son testemuña da antiga morfoloxía da cavidade e do impresionante proceso de afundimento dos materiais superiores.

A furna está constituida por unha única galería de extrañas características. Ó comenza, como adoita acontecer neste tipo de cavidades, é ampla e de grande altitude, mais de súpeto, convértese nun incómodo tubo de escasamente

60 centímetros de ancho que segue ó longo de 8 metros e vai dar nunha sala de máis de 2 metros de ancho e de 8 metros de lonxitude probablemente de orixe fluvial por mor de que o mar endexamais chega a esta zona da cavidade. Un grande bloque de pedra atópase fincado a media altura no centro da sala.

O desenrollo total da caverna é de 27 metros e nela atopamos algúnsas formas de recheo como pequenas coladas de tons vermellos e ocres.

Colaboradores

Almansa Aranda, Esperanza
Bruna Quintas, Beatriz
De la Puente Crespo, Alejandro
Diz Dios, Purificación
Vila Barros, Miguel

Agradecimentos

Camino Llamas, Yolanda
Campos Martínez, Ramón
Matos Vicente, Miguel Ángel
Vila Gómez, Bernardo

Xunta de Galicia

Federación Española de Espeleología
Federación Galega de Espeleoloxía
Espeleo Club Aradelas

Federación Galega de Vela
Photum

E en especial ó noso patrón e amigo Fernando que coa súa gamela achegounos ata os cantís más perigosos das Illas Cíes. ■


Traducción ó galego de
Purificación Diz Dios

(*) Miembros del Espeleo Club Aradelas de Vigo (Pontevedra)

BIBLIOGRAFÍA

- Rojo de Dios, Luis** (1984): Memoria inédita (G.E.S. Montañeiros Celtas)
- Vidal-Romaní, X. Ramón** (1987): "As covas naturais no mundo e na Galiza". Furada, 1; pp.: 38-39
- Diz Dios, J. Higinio** (1988): "Campamento espeleológico Furnas-88". Memoria inédita (Espeleo Club Aradelas)
- Diz Dios, J. Higinio** (1988): "Furnas del litoral pontevedrés". Furada, 2; pp.: 4-6
- Diz Dios, J. Higinio** (1989): "Furnas del municipio de Cangas de Morrazo". Furada, 3; pp.: 4-10
- Diz Dios, J. Higinio; Ríos Basadre, Raúl** (1994): "El Buraco do Inferno, espectacular y legendario". Furada, 8; pp.: 9-13
- Díaz Prieto, Manuel** (1994): "Las 30 cavidades gallegas más significativas". Subterránea, 2; pp.: 25-26
- Miñaro, Josep M.** (1998): "Las cavidades españolas localizadas en rocas graníticas". Subterránea, 10; pp.: 30-34

EXPLORACIÓN



Por José Higinio Diz Dios

EXPLORACIÓN

FURNAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (de norte a sur)

FURNA	CONCELLO	PARROQUIA	LON.	DES.	COORDENADAS UTM	INTERES
RIA DE PONTEVEDRA						
1. Corveiro	Sanxenxo	Noalla	29	0	X=510.090 Y=4.696.975	Xeoloxico
2. Furnas Xemelgas	Sanxenxo	Noalla	24	0	X=510.175 Y=4.696.725	Entorno
3. Pocínas	Sanxenxo	Noalla	29	0	X=510.475 Y=4.695.975	
4. Bascuas I	Sanxenxo	Noalla	20	0	X=511.750 Y=4.694.550	Morfolóxico
5. Elmo I	Sanxenxo	Adigna	22	0	X=513.125 Y=4.692.900	
6. Penedo	Bueu	San Martín	34	0	X=517.175 Y=4.686.425	Morfolóxico
7. Cova do Cano/"La Furna"	Cangas	Hio	42	0	X=512.225 Y=4.683.950	Morfolóxico
ILLA DE ONS						
8. Centulo	Bueu	Illa de Ons	23	0	X=506.575 Y=4.694.365	
9. Xubenco	Bueu	Illa de Ons	32	0	X=505.825 Y=4.694.100	
10. Horneo da Regata	Bueu	Illa de Ons	24	0	X=505.900 Y=4.693.990	
11. Manueleche	Bueu	Illa de Ons	64	20	X=506.275 Y=4.693.875	Morfolóxico
12. Cova do Lobo	Bueu	Illa de Ons	40	0	X=506.650 Y=4.693.875	
13. Pendente Ancha	Bueu	Illa de Ons	36	0	X=505.750 Y=4.693.700	Morfolóxico
14. Galilleiro	Bueu	Illa de Ons	34	0	X=506.555 Y=4.693.630	Concreciones
15. Cornecho	Bueu	Illa de Ons	40	0	X=506.550 Y=4.693.625	
16. Fontenova II	Bueu	Illa de Ons	32	0	X=505.600 Y=4.693.550	
17. Fontenova I	Bueu	Illa de Ons	48	0	X=505.575 Y=4.693.450	Morfolóxico
18. Bastián de Val	Bueu	Illa de Ons	85	0	X=505.250 Y=4.693.050	Morfolóxico
19. Estrepeiral I	Bueu	Illa de Ons	22	0	X=505.250 Y=4.692.850	
20. Estrepeiral II	Bueu	Illa de Ons	25	0	X=505.250 Y=4.692.850	
21. Castelo	Bueu	Illa de Ons	20	0	X=505.950 Y=4.692.200	
22. Bombas II	Bueu	Illa de Ons	31	0	X=504.750 Y=4.691.900	Concreciones
23. Cano das Bombas (Bombas-I)	Bueu	Illa de Ons	18	0	X=504.900 Y=4.691.625	
24. Canivelñas III (C-3)	Bueu	Illa de Ons	22	0	X=505.125 Y=4.691.150	
25. Canivelñas II (C-2)	Bueu	Illa de Ons	25	0	X=505.125 Y=4.691.000	
26. Canivelñas I (C-1)	Bueu	Illa de Ons	20	0	X=505.075 Y=4.690.975	
27. Buraco do Inferno	Bueu	Illa de Ons	70	43	X=504.575 Y=4.689.900	Vertical
28. Covñas	Bueu	Illa de Ons	33	0	X=505.330 Y=4.689.925	Concreciones
29. Coliño	Bueu	Illa de Ons	77	0	X=505.325 Y=4.689.750	Morfolóxico
30. Furna dos Arcos	Bueu	Illa de Ons	24	0	X=505.250 Y=4.689.550	
31. Entorno Fedorento I (F-1)	Bueu	Illa de Ons	61	0	X=504.925 Y=4.689.725	Morfolóxico
RIA DE VIGO						
32. Cova do Carro/"Poniente"	Cangas	Hio	28	0	X=511.375 Y=4.679.675	
33. Basaduríños (B-1)	Cangas	Hio	60	0	X=511.225 Y=4.679.425	Morfolóxico
34. Basaduríños II (B-2)	Cangas	Hio	14	14	X=511.150 Y=4.679.275	
35. Home IV (H-4)	Cangas	Hio	31	12	X=510.675 Y=4.678.100	Morfolóxico
36. Home III (H-3)	Cangas	Hio	32	0	X=510.665 Y=4.678.105	
37. Home II (H-2)	Cangas	Hio	24	20	X=510.645 Y=4.678.115	Morfolóxico
38. Home I (H-1)	Cangas	Hio	24	0	X=510.650 Y=4.677.775	
39. Cova Lago	Cangas	Hio	65	0	X=511.500 Y=4.677.900	Morfolóxico
40. Furna de Sta. Marta	Cangas	Darbo	56	17	X=515.800 Y=4.678.550	Morfolóxico
41. Monteferro I (MF-1)	Nigrán	Panxón	24	0	X=513.250 Y=4.667.550	Morfolóxico
42. Monteferro II (MF-2)	Nigrán	Panxón	27	0	X=512.625 Y=4.667.450	
43. Monteferro III (MF-3)	Nigrán	Panxón	20	0	X=512.600 Y=4.667.435	
44. Monteferro IV (MF-4)	Nigrán	Panxón	18	10	X=512.585 Y=4.667.425	
45. Jerónimo I	Baiona	Baredo	22	0	X=510.075 Y=4.662.300	Flora
46. Jerónimo II	Baiona	Baredo	25	0	X=509.060 Y=4.662.400	Morfolóxico
ILLAS CIES						
47. Escodelo (CN-6)	Vigo	Illas Cies	34	0	X=507.050 Y=4.677.750	
48. Laxe do Peito II (CN-5)	Vigo	Illas Cies	29	0	X=507.850 Y=4.677.225	
49. Laxe do Peito I (CN-4)	Vigo	Illas Cies	34	0	X=508.025 Y=4.677.050	
50. Chancelos (CN-7)	Vigo	Illas Cies	25	0	X=507.875 Y=4.676.250	
51. Furna das Lontras (CN-1/CN-2/CN-3)	Vigo	Illas Cies	46	0	X=508.350 Y=4.675.900	Morfolóxico
52. Buraco do Trapo (CM-3)	Vigo	Illas Cies	24	0	X=507.675 Y=4.674.375	
53. Cova do Seixo (CM-2)	Vigo	Illas Cies	22	0	X=507.280 Y=4.673.525	
54. Cova do Cadaver (CM-3)	Vigo	Illas Cies	35	0	X=507.275 Y=4.673.525	
55. Desesperada (CS-1)	Vigo	Illas Cies	29	0	X=508.700 Y=4.672.100	Morfolóxico
56. Pereira (CS-2)	Vigo	Illas Cies	23	0	X=508.750 Y=4.672.020	
57. Furna da Lameira (CS-3)	Vigo	Illas Cies	47	0	X=508.850 Y=4.671.900	Morfolóxico
58. Suaponte I (CS-4)	Vigo	Illas Cies	20	0	X=508.935 Y=4.671.810	
59. Suaponte II (CS-5)	Vigo	Illas Cies	27	15	X=508.950 Y=4.671.825	Morfolóxico
60. Sesteira (CS-6)	Vigo	Illas Cies	27	0	X=509.050 Y=4.671.750	Morfolóxico

MEMORIA DO 1996

Breviario de actividades



• A Escola Galega de Espeleoloxía, en colaboración co Instituto Tecnolóxico Xeomineiro de España, organizou as VI Xornadas Monográficas Espeleolóxicas en Rubiá (Ourense), os días 23 e 24 de novembro. Xeoloxía en xeral e o uso de mapas foron os temas centrais dos actos, nos que participaron 25 deportistas.

• Os espeleólogos galegos Jorge Ramos (biólogo), Antonia R. Fandiño, Miguel Romero e Manuel Souto, do Grupo E.C. Obelix, participaron en Navarra na campaña Navaricus 96, os días 12 ó 23 de agosto. Estudaron a fauna das covas situadas nas zonas de Espinal, Orbara, Abaurrea Alta, Isaba e Anielarria e recollerón mostras para un posterior análise polo miúdo.

• Proseguiu durante todo o ano a catalogación de cavidades naturais e artificiais situadas no municipio de Vigo conforme ó convenio asina-



A didáctica estivo moi presente nas actividades do ano 1996

do polo Concello da cidade olívica e a Federación Galega de Espeleoloxía. Xa se teñen inventariado 53 cavidades, das que 22 foron topografiadas conxuntamente polo GES Montañeiros Celtas e o Espeleo Club Aradelas.

• Cursiños de iniciación, básico, formación e descubrimento en

espeleoloxía desenvolvéronse ó longo do ano nas localidades de Quiroga, Mondoñedo, Cambre, Liñares e Cobas, de Galicia, e tamén en Valporquero (León) e Teverga (Asturias). Ademais, en decembro celebrouse na Lanzada (Pontevedra) o IV Clinic da Escuela Española de Espeleología, ó que asistiron 36 deportistas.

ZONAS DE TRABALLO DOS CLUBS

• *Espeleo Club Obelix*. Fonsagrada. Topografías de pequenas cavidades (40, 15, 12, 9 e 7 metros de lonxitude) e da Cova de Monte Rubián (40 m). (G/LU-2)

• *Grupo de Investigacións e Prácticas Espeleológicas (G.I.P.E.)*. Triacastela. Topografía e vídeo da Cova de Eirós. Estudios de bacterioloxía nas covas de Eirós e Bao. Esbozo da Cova da Moura. Estudio dunha posible surxencia na Cova do Bao. (G/LU-3)

• *Grupo Espeleológico Arcoia*. Courel. Cova de Arcoia: Topografías das galerías principais (326 m. de lonxitude e 34 de desnivel); reinstalacións dalgúns pasos fixos; novas exploracións (Galerías Fondas e salas do Elefante e Arcoia). (G/LU-4)



• *Grupo de Espeleología Lugo*. Courel. Sima Teixeira. Exploracións en galerías inestables. Estímase que a cova podería ter un percorrido

duns 3.000 metros, co que pasaría á catalogación de Grande Cavidade. (G/LU-6)

• *Espeleo Club Aradelas*. Barxamaior (Lugo). Localización de catro bocas cegadas e dunha surxencia impracticable. (G/LU-7)

• *GES Ártabros*. Courel. Cova da Ceza. Espeleobuceadores chegan a unha sala sifonada dunha profundidade máxima de 40 metros e 120 metros de desenvolvemento. Recolleu osos do Ursus Espeleus, que foron entregados ó Departamento de Xeoloxía da Universidade da Coruña. (G/LU-8)

• *Club Espeleológico Mauxo*. Zona granítica do Folón (Pontevedra). Exploracións diversas. (G/PO-1)

• *Espeleo Club Aradelas*. Litoral pontevedrés. Finalízase o catálogo de 60 furnas maiores de 20 metros de percorrido e 10 metros de profundidade. (G/PO-2)

MEMORIA DO 1996

Clinic español da Escola de Espeleoloxía en A Lanzada



A Escola Galega de Espeleoloxía organizou do 6 ó 8 de decembro, no Centro de Vacacións da Lanzada, o IV Clinic da Escuela Española de Espeleología, ó que acudiron 36 membros desta institución docente representando á totalidade das categorías (iniciadores, monitores e instructores) e ás escolas territoriais de Cataluña, Andalucía, Asturias, Castela-León, Madrid, Murcia, Baleares, Canarias, Navarra, País Vasco, Valencia e Galicia, e a Directivos da devandita escola. Foron principais temas de debate a situación das ensinanzas e as titulacións dos técnicos deportivos de Espeleoloxía, e tamén as características dos materiais para os textos dos cursos de formación. O encontro contribuíu de xeito satisfactorio á clarifica-la temática traza da polos organizadores.

Acudiron ó clinic os seguintes deportistas. Por instructores: Mouriz Bello,

organización, e Fernández Caínzos, relator (Galicia); González Suárez, Rodríguez Calvo e Ferreira Soto, relator (Asturias); Laínez Concepción (Canarias); Vega Sanz (Baleares); Muñoz Prieto (Castela-León); Ruiz de Almirón Casals, relator, e Ingles Pagan (Murcia); Serrano Corcoles (Valencia); Cuenca Rodríguez, relator e Ferrez Martín, relator (Andalucía), e Palacios Pérez, relator (Cataluña). Pola E.E. participaron o espeleólogo galego Martínez García, como relator; Ramírez Trillo, tamén como relator, e o ex presidente da FEE, Pérez i de Pedro.

Pola categoría de monitores asistiron Díaz Prieto, organización; Rafael Ramos, organización, e Caravantes Cuerpo (Galicia); Suárez Fernández e Castaño Lacruz

(Cataluña); García Añibarro (Castela-León); Rodríguez Bastidas (Murcia); Vila Carrio e Crespo Gascón (Valencia) e Navarro Musgo (Asturias).

Polos iniciados participaron Castiñeira Soto, organización (Galicia); Salvador Otazu (Navarra); Nicolás Vázquez (Murcia); Castrillo Arrabal e Úbeda Palenque (Madrid); Márquez Piquer (Valencia); Céspedes Campos e Calafolla Chordi, relator (Andalucía) e Carlos Fernández (País Vasco).



Participantes no IV Clinic celebrado en A Lanzada

As comunicacións no espeleosocorro

Tres membros do Grupo de Espeleosocorro Galego presentaron en Xaca (Huesca) un traballo sobre as comunicacións en actividades de socorro en cavidades subterráneas. Os autores constataron que é posible acadar un sistema fiable de comunicacíons sen facer grandes esforzos e con pouco investimento económico, e describiron os medios que se poden empregar nun socorro subterráneo amosando detalles do xenéfono e os seus accesorios, así como as conclusíons das súas experiencias con tendidos fiare. Describiron asemade as características, a forma de manipulación e as vantaxes e inconvenientes dos distintos materiais cos que teñen experimentado.

O traballo presentaron Carlos López Blanco, José C.

Fernández Caínzos e Juan Prego Mateo no transcurso das V Jornadas Estatais de Espeleosocorro, celebradas na devandita cidade oscense a primeiros de novembro. Acudiron tamén ó encontro os galegos Ignacio Ramos, Luis Dequidt, Miguel Rivera e Susana Palacios. Por primeira vez, a participación (preto de 150 persoas, entre as que se atopaban bombeiros e policías autonómicos) rebordou tódalas previsións deste tipo de actividades. A máxima autoridade federativa subliñou que o futuro da espeleo orientase necesariamente cara ó aproveitamento dos medios profesionais. Cabe salientar asemade a contribución do espeleosocorro francés ás xornadas no que atinxé ó uso dunha soa corda tanto nas recuperacións verticais como nas tirolinas, para o que se debe ter ben presente o emprego de ancoraxes moi seguros, xa que deles depende ría toda a instalación ó quedar eliminada a corda de seguridade.

Cursiño en Cataluña

A espeleóloga viguesa Lourdes Castiñeira Souto, de Montañeiros Celtas, participou no cursiño Coñece a auga celebrado no parque natural de Sant Llorenç del Munt e a Serra de l'Obac, en Cataluña, os días 13 e 14 de xuño. Organizouno o Centro de Protección das Cavernas e o Entorno (CPCE) de Barcelona. A espeleóloga seguiu atentamente as intervencións dos conferenciantes e participou nun exercicio de recollida e análise das augas dunha surxencia. "Foi todo un descubrimento", dixo Lourdes ó seu regreso a Galicia, e engadíu que ainda que nunhas cousas o curso foi "demasiado técnico", en termos xerais resultou "interesante, pero curto."

MEMORIA DO 1996

Polo Verdugo abaixo

Ó Espeleoclub Aradelas, de Vigo, tocoulle en xuño do 96 organiza-lo VII Campamento Galego de Descenso de Canóns para federados. O evento deportivo resultou un éxito e nel participaron espeleólogos dos clubs Arcoia, Ártabros, Brigantium, Montañeiros Celtas, Irmandiños, Madruga e os do propio Aradelas, ata un total de 42 deportistas. O escenario elixido foi o río Verdugo, por ser necesario saltar e descender en *rappel* para poder baixar pola súa esgrevia conca. O caudal de auga mantense incluso no verán, dependendo o seu volume da apertura das presas deste curso de auga.

O descenso do canón comezou as once da mañá do 23 de xuño, para rematar entre as tres e catro da tarde coa chegada ó final do traxecto dos últimos participantes. A zona máis interesante deste canón é a dos pozos da Freixa, na que tres grandes fervenzas danlle á paisaxe un aspecto atraínte. Foron organizadores deste campamento os espeleólogos do Aradelas Benigno Iglesias Albuger, José A. Iglesias Teijeiro, Luis Iglesias Rejas, Francisco Couto Villar e Bernardo Vila Gómez.

Augas limpas

Club Montañeiros Celtas de Vigo organizou as Xornadas de Medio Ambiente Subterráneo, celebradas en Cangas de Morrazo os días 1 e 2 de xuño. O número de participantes foi inferior ó previsto polos organizadores, pois só acudiron 20 espeleólogos galegos pertencentes os clubs Celtas, Arcoia, Obelix, Aradelas, Manzaneda, Gipe, Brigantium e Madruga, e dous más, membros do Centro de Protección das Cavernas e o Entorno (CPCE) de Cataluña. En opinión destes últimos, a participación foi alta se se compara coa que rexistra en Cataluña este tipo de actividades medioambientais.

Cobas fotográfico

Celtas e GIPE adxudicáronse os primeiros galardóns das X Xornadas Espeleofotográficas celebradas en Cobas, Rubiá (Ourense), os días 12 e 13 de outubro. O primeiro premio, na modalidade de branco e negro, concedéuselle á viguesa Lourdes Castiñeira pola súa foto *Glomerullo*, e o mesmo galardón, pero para fotografía en cor, outorgáuselle a *En el borde*, presentada polo Grupo de Investigacións e Prácticas Espeleoloxicas (GIPE) da Coruña. O club coruñés acaparou tamén na modalidade de cor o segundo premio, con *Nautilus*, e o terceiro, con *Intentando el reflejo*. Carolina Rodríguez, de Celtas, obtivo un accésit pola súa foto en cor titulada *Fantasmas, ¡oh, sú!*. Na seción adicada a vídeo varreu o GIPE, conseguindo o primeiro premio coa curtametraxe *Cova do Paleiro*, de Abel Barreiro Torres; o segundo, con *Praducelos*, e tamén o terceiro, co vídeo titulado *Covas*. Outros trofeos foron para as fotos en cor *Sombras*, *Lago Azul*, *David en el Agua*, *Juanín*, e *Formaciones*. O segundo de branco e negro déronlle á fotografía titulada *Leixapren*.

Participaron nas xornadas dezaoito espeleólogos dos clubs *Rey Gerión*, *Obelix*, *GIPE*, *Arcoia*, *Celtas*, *Brigantium*, *GESCAM* e o directivo Manuel Díaz Prieto en representación da FGE.

O Arcoia, divulgador

O Courel, en Lugo, e a serra ourensá de Encina da Lastra foron marcos das actividades desenvolvidas con ocasión de celebrarse en Quiroga (Lugo) o XXIX Campamento Galego de Espeleoloxía, que rexistrou a presencia de 33 espeleólogos federados dos clubs Arcoia, Celtas, Val da Néboa, Aradelas, GE Lugo, Irmandiños, Obelix e Brigantium. O papel de anfitrión tocoulle esta vez ó grupo quirogués Arcoia, que preparou un animado programa con visitas a cavidades de dúas serras; proxección de diapositivas; unha *espeleofesta* con regalos e, finalmente, o acostumado sorteo de material espeleolóxico.

O grupo organizador estivo representado por Pablo González Gamallo, Ramón Méndez López, Francisco Carbón López, José Fernández Ferrín, Ramón Vila Anca, Ubaldo Vila Anca, Manuel Fernández Ferrín, José Enríquez Alvarez, Miguel Angel Soto Alvarez e Alfredo González García. As covas visitadas foron as do *Silverto* e *K1-Pala Cubela*, na Lastra, e Arcoia e Buraca das Choias no Courel.



Espeleólogos de sete clubs galegos acudiron a Rubiá ás xornadas fotográficas

AXENDA

Clubs galegos de espeleología

A CORUÑA

GRUPO DE EXPLORACIONES SUBTERRÁNEAS «ARTABROS» (G.E.S.A.)
Santa Teresa, 14 Bajo.
15002 A CORUÑA
Teléfono: (981) 21 31 15

GRUPO DE EXPLORACIONES SUBTERRÁNEAS «BRIGANTIUM» (G.E.S.B.)
Avda. de Arteixo, 67 - 3º B
15007 A CORUÑA
Teléfono: 654 142 702

SECCIÓN DE ESPELEOLOGÍA DE LA ASOCIACIÓN DEPORTIVA REY GERION (G.E.R.G.O.)
Costa Rica, 2 Sótano D
15004 A CORUÑA
Teléfono: 981 667 861

ESPELEO CLUB "OBELIX" (E.C.O.)
Inés de Castro, 1 - 1º Dcha.
15005 A CORUÑA
Teléfono: 639 245 544

GRUPO DE INVESTIGACIONES E PRACTICAS ESPELEOLOXICAS (G.I.P.E.)
Apartado de Correos 276
15080 A CORUÑA
Teléfono: 981 232 896

LUGO

GRUPO DE EXPLORACIONES SUBTERRÁNEAS «IRMANDINOS» (G.E.S.I.)
Rúa Xenixbre, 6
27260 CASTRO R. DE LEA
Teléfono: 982 227 171

GRUPO DE ESPELEOLOGIA DE LUGO (G.E.L.)
C/ Hermanos Carro, 28 - 3º
27003 LUGO
Teléfono: 609 804 916

GRUPO DE ESPELEOLOXIA «VAL DA NEBOA» (G.E.M.V.N.)
Centro Socio Cultural Sober
27460 LUGO
Teléfono: 982 403 941

GRUPO DE ESPELEOLOGIA «ARCOIA» (G.E.A.)
Rúa Río Lor, s/n Bajo
27320 QUIROGA
Teléfono: 982 428 066

ESPELEO CLUB REI CINTOLO (E.C.R.C.)
Muiños de Arriba, 39
27740 MONDOÑEDO
Teléfono: 982 521 057

OURENSE

GRUPO DE EXPLORACIONES SUBTERRÁNEAS CLUB ALPINO

MANZANEDA (G.E.S.C.A.M.)
Concejo, 14 - Entresuelo
32003 OURENSE
Teléfono: 988 372 309

PONTEVEDRA

GRUPO DE EXPLORACIONES SUBTERRÁNEAS CLUB MONTAÑEROS CELTAS (G.E.S.C.M.C.)
Marqués de Valladares, 15 - Bajo
36201 VIGO
Teléfono: 986 438 505

ESPELEO CLUB ARADELAS (E.C.A.)
Apartado de Correos 404
36280 VIGO
Teléfono: 986 272 253

ESPELEO CLUB MADRUGA (E.C.M.)
Apartado de Correos 196
36080 PONTEVEDRA
Teléfono: 986 846 796

CLUB ESPELEOLÓGICO MAUXO (C.E.M.)
Travesía de Vigo, 195 - 7º C
36207 VIGO
Teléfono: 986 253 482

CLUB DEPORTIVO CIENTÍFICO ESTIGIA (C.D.C.E.)
Laboratorio Anatomía Animal
Facultad Ciencias - Universidad de Vigo
36210 VIGO
Teléfono: 986 812 592

Clubs federados en Galicia:

	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996
A Coruña	2	2	2	5	7	5	8	7	6	6	6	5	5
Lugo	3	5	5	6	4	5	4	6	6	5	5	4	4
Ourense	2	2	3	3	3	3	3	2	2	1	1	1	1
Pontevedra	1	2	2	2	2	2	2	3	3	3	4	4	4

Relación das cavidades galegas más importantes:

Nome	Desenrollo	Longitude/Desnivel	Provincia
Cova do Rei Cintolo	6.500 / -58	Lugo	
Sima Teixeira (*)	3051 / -74	Lugo	
Complexo Cubelas-KI (+)	1.184 / -48	Ourense	
Cova da Arcoia (+)	940 / -42	Lugo	
A Cova de Bermún (+)	930	Lugo	
Cova do Paleiro (+)	700	Lugo	
Cova de Ceza (+)	680	Lugo	
Complexo Zorra-Despiste	610	Ourense	
Sima Aradela (+)	/ - 142	Lugo	
Sima Vidal	/ - 81	Ourense	
Pozo das Choias	/ - 55	Lugo	
Pozo do Penedo	/ - 53	Ourense	
Pozo do Inferno	70 / - 50	Pontevedra	

(+) Exploración en curso

Tramitación de licencias federativas: F.E.E. 2001

Se obtienen:

- A través de un club inscrito en la Federación Galega de Espeleología y en el Registro de la Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

- Mediante el pago anual por licencia con cobertura BÁSICA o PLUS según modalidad A (España) - B (Europa) B1 (Resto del mundo); para las categorías:

Infantiles: 10 a 13 años

Juveniles: 14 a 17 años

Adultos: 18 años en adelante

Grupo de Espeleosocorro Galego, colaborador de protección Civil: coordinador, Juan M. Prego Mateo

Escola Galega de Espeleología: director: Carlos Fernández Cainzos.

IN MEMORIAM

Miguel, ejemplo de solidaridad



Foto: Manolo Díaz (E.G.E.)

Miguel Ángel Rivera Babío

Un compañero y amigo de todos nos dejó para siempre el 24 de mayo de 1999. Pero esta vez no fue un fatal accidente, sino una corta pero irremediable enfermedad la que se llevó en pocos meses a MIGUEL ANGEL RIVERA BABÍO

cuando estaba próximo a cumplir los cuarenta años. El recordado compañero se nos ha ido a esa edad clave de la vida en la que el hombre es poseedor de una de sus mayores dichas, la del disfrute compartido de la juventud y la madurez en equilibrada armonía de cuerpo y espíritu.

Practicante de varios deportes, Miguel se inició en la espeleología en el G.E.R.G.O. (1992) coruñés para llegar a ser uno de los fundadores del Espeleo Club Obelix de Culleredo (A Coruña), en el año 1993, en donde ocupó diversos cargos directivos y realizó una intensa y fructífera actividad. Era Policía Municipal, con ejercicio en el concejo coruñés, y estaba estudiando quinto curso en la Facultad de Derecho de la Universidad de La Coruña cuando le sobrevino la enfermedad que acabaría con su vida.

Su inclinación innata por colaborar, por ayudar a los demás y

por ser siempre solidario le llevó también a integrarse en Protección Civil. Por ello no debe extrañar que perteneciera durante varios años al Grupo de Espeleosocorro Gallego de la F.G.E. Miguel Ángel Rivera poseía un carácter abierto, extrovertido, que le facilitaba su relación con el prójimo. Esa capacidad de comunicación allanó su acceso a la didáctica, en la que llegó a desarrollar una labor importante como Monitor Territorial de la plantilla docente de la Escola Galega de Espeleoloxía.




Quienes hemos tenido la ocasión de contar con su lealtad y apoyo pudimos llegar a conocerlo a fondo, apreciando mejor que nadie su gran compañerismo. Por ello, el recuerdo de Miguel, colega y amigo, prevalecerá siempre entre nosotros como huella imborrable de un hombre cabal, amable y eficaz que dedicó su vida enteramente a los suyos, a la solidaridad humana y al deporte.

CONGRESO ESPAÑOL DE
ESPELEOLOGÍA
ALCALÁ DE HENARES (MADRID) 12-13-14 OCT. 2001
MIRANDO HACIA EL NUEVO MILÉNIO

SPELEO
BRAZIL
2001

BRASILIA - DF





1. Canle de entrada á Furna de Bascuas.

2. Furna da Sesteira. Preparando o material de topografía.

3. Estalagmita de importantes dimensíons na Furna Galilleiro.

(Fotografías: J. Higinio Diz)

XUNTA
DE GALICIA 

Secretaría Xeral para o Deporte